

ROIG RECHOU, Blanca-Ana e Isabel MOCIÑO GONZÁLEZ (coords.) (2015): *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación (Colección Materiais didácticos 25), 241 pp. || MOCIÑO GONZÁLEZ, Isabel e Blanca-Ana ROIG RECHOU (coords.) (2015): *Libros en galego de onte e de hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*. Santiago Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico / Instituto de Ciencias da Educación (Colección Materiais didácticos 26), 187 pp.

O Instituto de Ciencias da Educación, en colaboración co Servizo de Publicacións e de Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, vén de publicar dous novos volumes, dentro da colección Materiais Didácticos, creada coa intención de ofrecer e proporcionar recursos de utilidade para o ámbito docente, o bibliotecario, e, incluso, como apoio para o desenvolvemento educativo no marco da familia. As obras, *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)* e *Libros en galego de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*, baixo a coordinación de Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, presentan unha visión xeral do panorama infantil e xuvenil galego, mediante a recompilación das recensións críticas e crítico-divulgativas publicadas dende 2010 até abril de 2015 na sección semanal “ELOS de lectura” do periódico compostelán *El Correo Gallego*. O conxunto de artigos foron elaborados por un extenso grupo de especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil: Eulalia Agrelo Costas, Mónica Álvarez Pérez, Pilar Bendoiro Mariño, Silvana Augusta Barbosa Carrijo, Laura Blanco Casás, Verónica Casais, Berta Dávila, Esther de León Viloría, Cristina Fernández Santomé, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Vanessa Regina Ferreira da Silva, Carmen Franco Vázquez, Ana Gayoso Ramón, Geovana Gentili, Iria Míguez Seoane, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Ana Margarida Ramos, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Blanca-Ana Roig Rechou, Alba Rozas Arceo, Inés Sánchez Díaz-Marta e Isabel Soto.

Pese á semellanza nos títulos dos volumes, existe unha clara diverxencia no seu interior.

Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015) recolle recensións centradas en creacións de autoría galega, mentres que *Libros en galego de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)* contén análises críticas de obras traducidas para o galego. Ambas monografías contan cunha introdución elaborada polo equipo redactor, na que se salientan os obxectivos xerais, se describe a estrutura do compendio e se destaca a utilidade, no ámbito literario, do proxecto *Informes de Literatura* (<http://www.cirp.es/rec2/informes/>).

Os volumes están divididos en dous grandes bloques: “Lecturas de hoxe” e “Lecturas de onte”. Na primeira inclúense libros que, na actualidade, destacaron pola súa innovación ou calidade. Por exemplo, *Ícaro*, de Federico Delicado, Premio Internacional Compostela de Álbum ilustrado e *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Leticia Costas, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. A segunda sección engloba aquelas obras, que pese a que foron publicadas tempo atrás, se están recuperando, adaptando ou traducindo. Trátase dos clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil, como *A galiña azul*, de Carlos Casares ou *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson.

As análises críticas, organizadas cronoloxicamente, van acompañadas dunha nota a pé de páxina coa ficha bibliográfica de cada unha das producións literarias comentadas. Ademais, en cada caso, indícase o xénero da obra e a idade recomendada, entendendo que se trata de datos aproximados que poden sufrir modificacións dependendo do ámbito cultural e país do lector ao que se dirixe, mediante o uso dos seguintes termos: “prelectorado”, “lectorado

autónomo”, “lectorado mozo” e “mocidade”. Finalmente, cerrando os volumes, preséntanse uns completos índices onomásticos que facilitan substancialmente o seu emprego.

A meirande parte das creacións referidas ao longo dos dous volumes pertencen ao xénero narrativo, fronte á escasa presenza de obras teatrais e poéticas. Esta patente desigualdade reflicte a realidade literaria de hoxe en día, na que, evidentemente, predomina a narrativa.

Coa publicación de *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*

e *Libros en galego de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)* ofréceselle ao receptor (docentes, investigadores e público en xeral) a oportunidade de introducirse no espazo do mundo literario a través de lecturas escolleitas, favorecendo o recoñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil e intercedendo para evitar de que certas obras fiquen no esquecemento.

Verónica POUSADA PARDO
CRPIH, Santiago de Compostela
pousadascr@gmail.com